

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de novembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra “Pasarela peonil no Carril do Xuízo”. Exp. ref. 2021-C002-000045.

Tamén se acorda a modificación do contrato de prestación do servizo de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil municipal “Gregorio Sanz” do Concello de Lugo. Exp. ref. 2020-C003-000044.

Así mesmo, acordase a contratación do servizo da dirección de obra, dirección de execución material e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de “Peonalización da rúa Calzada da Ponte” incluído no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. ref. 2021-C003-000038.

Modificación de adxudicatario na contratación da asistencia externa para a elaboración da “Planificación detallada de zonas de confort climático residencial (ZCCR)”, correspondente á acción c3 do proxecto life14 CCA/ES/000489 Lugo + biodinámico. “Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana” cofinanciado pola Unión Europea mediante o instrumento financeiro Life 2014-2020. (Exp. 2020/C003/000074).

Do mesmo xeito, acordase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de “Renovación de instalación de alumbrado público avenida das Américas, rúa Pomar y rúa Ameneiro e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2021-c002-000052.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5163069267642801773.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-11-2021

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Reurbanización de la rúa Rafael de Vega" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000051.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de combustible para as dependencias municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021-C004-000032.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 14-11-2021 ata o 13-11-2022 na contratación da prestación dun servizo de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros (lote 1). (exp. ref.: 2019-003). (exp. ref. 2020/C003/000068).

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga do contrato dende o 9-11-2021 ata o 8-11-2022 na contratación da prestación dun servizo de atención e dinamización nos centros de convivencia (lote 2) reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. (Exp. ref.: 2019-003).

Así mesmo, acordase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a Cabalgata de Reis 2022 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref.2021/C004/000035.

Acórdase a 2ª prórroga do contrato na contratación da prestación do servizo de xestión no centro social e cultural do Vello Cárcere. (Exp. ref 2018-15). (Tecol 2020/C003/000022).

2. FOMENTO.- Acórdase a aceptación da entrega por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo da cesión dun tramo aproximado de 703 metros da estrada provincial LU-P-2911, denominada rúa Fermín Rivera.

3. PERSOAL.- Acórdase a prórroga da comisión de servizos no posto de auxiliar administrativa de administración municipal e no posto de auxiliar administrativa de facenda local.

Tamén se acorda a resolución concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para xefes/as de negociado delineantes/as.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para ampliación de nave destinada a carpintería metálica, sita en Muxa número 3 (expte: 2021/Y001/000134).

Acórdase aprobar a licenza urbanística para a construción dunha vivenda unifamiliar dentro da área de expansión do núcleo rural 19.4, de o Cuco, parroquia de San Andrés de Castro (expte: 2020/Y001/000309).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para a reestructuración e ampliación de edificio composto de, planta baixa para uso comercial, planta primeira para unha vivenda, planta segunda para unha vivenda e planta baixocuberta para unha vivenda-dúplex, na rúa Nova, número 39, (expte. 90/2017).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación do acordo de inicio do procedemento de reintegro das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos do covid19 "Plan reanima".

Fora da orde do día

- Nomeamento de membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de inspector da policía local pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo,, en quenda promoción interna (OEP 2018 e 2020), por renuncia de parte dos seus membros.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.